

Conto en verso

Fermoso e ameno

PAULA FERNÁNDEZ

Bernardino Graña vén de publicar con Edicións A Nosa Terra este conto en verso titulado *O castelo de Marbel*: unha historia protagonizada por rapazas que posúe un contido que vai máis aló do que din superficialmente as súas páxinas. Así, como xa acontecera con *O león e o paxaro rebelde*, a súa primeira obra para o público máis novo, que baixo a aparencia dun inocente conto infantil agachaba unha crítica comprometida contra o réxime dictatorial franquista, e tal e como amosou en moitas das súas obras infantís posteriores, Bernardino ten certa querencia por inserir habilmente nunha historia para nenos aspectos que producen nel inquedanza ou preocupación, como exemplo cómpre tamén non esquecer a peza *Sinfarainín contra don Perfeuto* onde a preocupación do autor pola velocidade e o ritmo cada vez máis apurado en que se vai mergullando a vida das persoas é evidente.

E agora con esta mesma liña lúdico-educativa, coñecemos un castelo, o de Marbel, habitado por once donas que gustan dos caramelos e non da verdura, e que non amosan apenas in-

terese pola lectura. Só unha delas goza lendo, Uxía, a única que non sofre as consecuencias dun estraño tangaraño que se apodera do castelo, das vilas e das cidades. Un tangaraño que as volve feas, que fai que enfraquezan e que lles

vira a cabeza. E desta maneira imos vendo como as rapazas ao seren afectadas van abandonando o castelo onde só queda finalmente a Uxía, grazas ás súas inquedanzas e ao seu respecto polos libros e a cultura. A liberdade inte-

lectual e de pensamento foi a que salvou á nena desta doenza. Pola contra, as mentes baleiras vólvense enfermas sen actividade e atopan curación marchando do castelo fuxindo dun problema que non estaba no ambiente senón nelas mesmas.

Reflicte entón un problema que vai moito máis aló dunha enfermidade imaxinaria que chega ao castelo, pois o autor representa un tema actual grazas ao tangaraño que simboliza o baleiro de pensamento e o escaso recoñecemento que se lle concede na actualidade, fóra de ámbitos contados, á sabedoría e á cultura.

A historia, o seu desenvolvemento tripartito á maneira tradicional, a estrutura repetitiva, a estrutura dalgunha rima e a sonoridade do texto resultan abondo fermosas e amenas mais, por riba disto, o traballo de Anxo Fariña nas ilustracións: a súa maneira de conxugar un mundo case medieval con personaxes de modernizado aspecto e o bo emprego das cores, contribúe tamén a formar un fermoso libro. *GRÑA, Bernardino, No castelo de Marbel (Ilustr. Anxo Fariña), Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2009, PVP: 10€*

